



Entrevistamos a...



Beatriz Mato
CONSELLEIRA DE MEDIO
AMBIENTE E ORDENACIÓN
DO TERRITORIO

"Sogama é un referente internacional na xestión de residuos"

[Ler máis...](#)



Serxio Rosales
MESTRE DE EDUCACIÓN
PRIMARIA NO CEIP
VIÑAGRANDE-DEIRO

"O proxecto 'Planeta Deiro' xa mudou os hábitos de reciclaxe dalgúns participantes"

[Ler máis...](#)

Actualidade



Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

En 2015 desviáronse 185.000 toneladas ao vertedoiro, menos da metade das 413.000 de 2008.

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, asegurou que o 85% da súa superficie xa está clausurada e selada".



[Ler máis...](#)

Multimedia



A máquina 'comelixo'

Ver o 21 videoconto da familia Trebón...

Converte os teus refugallos en arte con este concurso de Sogama

[Ver máis...](#)

Descubre a nova web da compostaxe doméstica

[Ver máis...](#)

Remata o curso en liña para o profesorado de Secundaria

[Ver máis...](#)

Eventos



O MAGRAMA aposta polo ecodeseño de produtos



A reciclaxe de vidro medra ao maior ritmo dos últimos 7 anos



Novo manual de transparencia municipal sobre reciclaxe



175 países asinan o acordo de París no Día da Terra



Efemérides medioambientais

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

• Quiche con restos de verduras

[Ver receita...](#)

Entrevistamos a...



Beatriz Mato Otero
Conselleira de Medio
Ambiente e Ordenación
do Territorio

"Sogama é un referente internacional na xestión de residuos, recoñecido pola Unión Europea"

Enxeñeira industrial de formación e MBA en Dirección e Administración de Empresas, Beatriz Mato acumula unha ampla traxectoria no sector privado que, dende o ano 1994, se viu complementada pola súa carreira no sector público, formando parte do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ata que, en 2005, ingresa como deputada do Grupo Popular no Parlamento de Galicia. Entre 2009 e 2015 foi conselleira de Tránsito e Benestar da Xunta de Galicia e, desde outubro de 2015 é a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Tras asumir a titularidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que balance fai da actividade deste departamento autonómico ao longo dos últimos meses?

Moi positiva. Este cambio de responsabilidade supón unha nova etapa na miña traxectoria, que toca xestionala con rigor, profesionalidade e responsabilidade; tal e como tentei facer sempre durante os anos nos que estiven a fronte das responsabilidades de traballo e benestar. A confianza que o Presidente depositou na miña persoa para a xestión do medio ambiente, do territorio e da ordenación é un importante acicate para facer as cousas con maior empeño e sempre co obxectivo de dar o mellor servizo público ás persoas. Ademais, é unha etapa cunha temática apaixonante. Galicia ten no seu patrimonio natural un dos máis valiosos valores, polo que un dos nosos obxectivos é protexelo e conseguir que toda a sociedade vexa na protección e conservación do medio ambiente e na ordenación territorial de Galicia unha oportunidade de futuro; estou segura de que camiñamos na dirección correcta. Así mesmo estamos traballando para poñer en marcha novas actuacións que, dentro do noso territorio e competencia, axuden a paliar os efectos do cambio climático. Temos que ser conscientes de que estamos nun punto crucial neste eido.

Natureza, paisaxe, auga, residuos, solo, territorio, Que é o que máis lle preocupa?

O que nos preocupa -e ocupa- é conseguir que Galicia sexa cada día máis responsable e sostible en cada un dos ámbitos que vostede cita. Debemos ser ambiciosos nos nosos retos e poñer en marcha todas aquelas iniciativas que permitan avanzar por esa senda para reparar erros cometidos no pasado, poñer solucións no presente e establecer unhas regras de xogo infranqueables para as vindeiras xeracións. Debemos deixar unha Galicia mellor. Con esforzo, traballo e sentido da responsabilidade, o actual Goberno fixo do coidado do medio ambiente a súa bandeira: protexendo e

Entrevistamos a...

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no
CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO....

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

coidando os recursos naturais e ordenando o territorio. En relación con este último ámbito, aprobamos a Lei do solo, que é o texto legislativo máis importante da actual legislatura. Tamén estamos a traballar no primeiro Atlas das Paisaxes que se fai na Comunidade galega, integrado polas Directrices da Paisaxe e o Catálogo, que define 258 tipos en Galicia e que, a súa vez, establece 28.350 unidades de paisaxe. Previamente, a Xunta aprobou o Plan de Ordenación do Litoral e as Directrices de Ordenación, fitos aos que debemos engadir o número de concellos que na actualidade contan cun plan de ordenación. É dicir, fomos capaces de entregar á sociedade ferramentas para saber onde se pode medrar e, o máis importante, como debían medrar. O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2009-2015 foi a folia de ruta para mellorar a calidade das augas e o que supuxo o maior esforzo económico nesta materia na historia da nosa comunidade. Grazas a ese esforzo, hoxe o 78% das nosas masas de auga teñen un bo estado fronte ao 70% de 2009. Para seguir mellorando, contamos xa cun novo Plan Hidrolóxico cun horizonte ata o ano 2020, que contará cun presupuesto global de 655 millóns de euros.

Sogama acadou o pasado ano máximos históricos de eficiencia industrial. Como valora este logro?

Sogama é, sen dúbida, un referente fundamental e internacional na xestión de residuos, recoñecido pola Unión Europea. Efectivamente, grazas a unha evolución constante, Sogama acadou en 2015 os mellores resultados desde a súa posta en marcha. Está tratando un 28% máis de residuos que en 2009, e bateu tamén a cifra récord de produción da planta termoeléctrica. E, non menos importante, está desviando menos residuos a vertedoiro. En concreto, en 2008 derivábase un 123 por cento máis. Polo tanto, debo valorar como moi positivas todas estas cifras, que demostran que o modelo funciona e que reflicten que se trata dun sistema respectuoso e beneficioso para o medio ambiente. Estes resultados son, ademais, a mellor motivación para seguir traballando e mellorando Sogama ano a ano.

"Traballamos en moitos proxectos, entre eles o novo Plan Hidrolóxico ata 2020, que contará cun orzamento global de 655 millóns de euros"



O presidente de Sogama amosa as instalacións do complexo á conselleira Beatriz Mato

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no
CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Un dos principais obxectivos da Comisión Europea é rebaixar progresivamente as taxas de vertido ata limitalas ao 10% en 2030. Galicia vai polo bo camiño?

Vamos polo bo camiño, pero aínda temos que seguir traballando: non só desde as administracións públicas, senón tamén entre toda a sociedade en xeral, fomentando a aplicación dos "catro R" (reducir, reutilizar, recuperar e reciclar). Antes comentaba que Sogama —á que están adheridos 295 concellos galegos— ten reducido nos últimos anos os residuos que desvía ao vertedoiro. Pero queremos reduci-lo aínda máis. Iremos ampliar o complexo industrial mediante a posta en marcha dunha planta para a recuperación dos envases de plástico e papel contidos no lixo en masa. Con isto, a capacidade desta infraestrutura veráse aumentada nun mínimo do 36%, o que nos permitirá relegar a vertido, única e exclusivamente, a parte dos refugalloos que non se poida reciclar nin valorizar material ou enerxeticamente. Tamén construiremos unha planta de compostaxe, que se ubicará no vertedoiro de Areosa, e que contará con capacidade para procesar 15.000 toneladas anuais.

Continúa a ser a reciclaxe o gran tema pendente?

É certo que temos avanzado e que cada vez existe unha maior concienciación entre a cidadanía, pero non é menos certo que non nos podemos conformar con iso e temos aínda un longo camiño por percorrer. A implicación de todos e cada un de nós nesta senda é esencial e, nese sentido, aínda queda traballo pendente. Por suposto, desde as administracións públicas temos a obriga e a responsabilidade de dar exemplo e divulgar, ademais, as bondades da reciclaxe. Pero creo firmemente que este é un labor de todos, no que cada persoa debe achegar o seu grao de area. O próximo 17 de maio, Día Mundial da reciclaxe, pode ser un bo momento para que todos reflexionemos sobre o que podemos mellorar ou aportar. Ademais, con motivo deste día, gustaríame animar a todos os maiores de 18 anos a participar no concurso que estamos impulsando con Sogama. Participar é moi fácil: só hai que compartir unha fotografía dunha obra de arte feita con materias de refugallo nas redes sociais de Sogama.

"Na reciclaxe aínda nos queda camiño por percorrer, por iso animo a todos os galegos a participar nas iniciativas de Sogama"

Entrevistamos a...

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no
CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Mato durante unha das súas visitas a Sogama

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Sergio Rosales
Mestre de Educación
Primaria no CEIP
Viñagrande-Deiro

"O proxecto 'Planeta Deiro' xa conseguiu mudar os hábitos de reciclaxe dalgúns alumnos participantes e as súas familias"

Sergio Rosales é mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro do grupo de 2º de Educación Primaria. Dende este centro situado no concello de Vilanova de Arousa, está a desenvolver un proxecto de educación ambiental que xa se está convertindo nunha referencia no sector do ensino en Galicia. Ao longo desta entrevista, o seu artífice cóntanos en que consiste.

O colexio de Viñagrande-Deiro está levando a cabo un encomiable traballo no eido da educación ambiental. Con tal fin, neste curso académico desenvolveron un proxecto que, baixo o título "Planeta Deiro", xa está a constituír todo un referente no sector do ensino...

Non sei si é un referente, pero é un traballo moi interesante levado a cabo polo alumnado e no que as familias xogan un papel destacado como parte importantísima do proceso de ensino-aprendizaxe. A educación ambiental representa unha temática de traballo moi ben acollida polo alumnado e, neste caso, tanto a localización dos lugares onde podemos atopar algún tipo de contaminación como a localización dos colectores da nosa contorna e o traballo que hai detrás, constitúen un proxecto chamado "Planeta Deiro", que para nós é a maneira de entender a educación.

"A educación ambiental é unha temática moi ben acollida polo alumnado, xa que os participantes son artífices da súa aprendizaxe"

Como xurde esta iniciativa, con que obxectivos e como se foi desenvolvendo?

A iniciativa xurde para darlle cabida a unha serie de obxectivos que nos veñen marcados no currículo de Educación Primaria e polo convencemento dunha metodoloxía de traballo por proxectos e colaborativa, no que o alumnado sexa o verdadeiro artífice da súa aprendizaxe. Partindo desta premisa, fomos aglutinando obxectivos das distintas áreas arredor da temática da educación ambiental, coa finalidade de elaborar un produto final que tivese repercusión na

contorna onde está situado o centro. Para nós é moi importante que todas as aprendizaxes teñan unha consecuencia aparte da adquisición de coñecementos significativos para o alumnado, como é a mellora da súa contorna. O alumnado vai ser consciente de que este avance vaise producir, en parte, grazas ao seu traballo. Ao

SEGUIR LENDO....

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

mesmo tempo, vai ser unha vía axeitada para educar a este alumnado e as familias da zona.

Que papel xogaron no mesmo as novas tecnoloxías?

As tecnoloxías, como poden ser os dispositivos móbiles, xogan un papel destacado neste proxecto, pero queremos aclarar que, antes do seu uso, hai un traballo previo de elaboración de guións, entrevistas, enquisas, textos explicativos, descritivos, debates, explicacións e postas en común, polo que a expresión escrita co lapis e o papel e a expresión oral teñen unha importancia clave en todo este proxecto, que se verán reforzadas coa utilización desta tecnoloxía. No que fai referencia aos dispositivos, permitíronnos elaborar produtos finais mediante a utilización de diferentes aplicacións como, por exemplo, Spreaker Studio, KineMaster, Layar, QR Droid Private, Glogster, Mindly eGoogleMaps, entre outros.

Cal foi a resposta dos alumnos, do resto do profesorado e mesmo das familias?

A resposta do alumnado é satisfactoria, aportando un interese por este tipo de traballo que sería moi difícil conseguir con outra metodoloxía. Por outra parte, a educación ambiental sempre é do agrado do alumnado, polo que o éxito sempre está en parte garantizado. O resto do profesorado vaíse incorporando a esta iniciativa aportando diferentes contribucións e dependendo da etapa educativa na que se atopa, así como os diferentes especialistas que hai no centro. As familias toman de bo agrado este tipo de traballo, no cal a súa implicación e colaboración é importante e poden comprobar como os seus fillos e fillas aprenden dunha maneira moi significativa.

Poderíamos falar xa de resultados?

Nunha enquisa que se pasou ao inicio do proxecto constatábase que moitas familias do colexio non reciclaban, agora comprobamos que, nos fogares onde este proxecto tivo máis implicación, os hábitos de reciclaxe cambiaron, incorporando uns novos dos que antes carecían. Tamén estamos pendentes dunha mellor distribución dos colectores e da colocación dalgún máis para a recollida do aceite, xa que é o que ten unha maior demanda polas familias.



Serxio Rosales con alumnos participantes no proxecto

Entrevistamos a...

Beatriz Mato

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SEGUIR LENDO...](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Cartel do proxecto "Planeta Deiro"

"O obxectivo final desta iniciativa é que estudantes, profesores e familiares sexan máis felices e estén máis satisfeitos coa súa contorna"

Vostede dixo en varias ocasións que o obxectivo último de todo o esforzo que están a facer desde o centro escolar é conseguir que os nenos e nenas de San Miguel de Deiro sexan felices....

Eu diría que é o obxectivo principal... o CEIP Viñagrande-Deiro está nun proceso de cambio en busca de conseguir un alumnado feliz, pero este proceso tamén inclúe ao profesorado, ás súas familias e unha contorna satisfeita co seu centro e orgullosa del. Todo isto conseguirémolo se somos capaces de mudar metodoloxías, facer partícipes as familias da vida do centro, reorganizar espazos, crear ambientes enriquecedores, apostar polas tecnoloxías da información e a comunicación (TICs)...Quédanos un traballo duro e fatigoso pero esperanzador e moi ilusionante en busca da felicidade e dunha nova escola.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Mundo SOGAMA

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que desvía ao vertedoiro de Areosa

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) conseguiu reducir dunha forma notable desde 2008 a cantidade de residuos que se desvían ao vertedoiro de Areosa por non poder ser procesados no complexo industrial debido á súa falta de capacidade. En concreto, en 2008 vertéronse 413.000 toneladas, unha cifra que descendeu ata as 185.000 en 2015.



Beatriz Mato durante a súa comparecencia ante a prensa

Así o puxo en valor a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, durante a súa visita a este vertedoiro, que xa ten o 85% da súa superficie "perfectamente clausurada e selada". A titular do departamento autonómico lembrou que o obxectivo é desviar a Areosa a menor porcentaxe de residuos posible. Para conseguilo, apostou por continuar promovendo entre a cidadanía a importancia de pór en práctica a redución e a reutilización.

Mato tamén recordou que se acometeron importantes melloras neste vertedoiro, grazas ao Plan de acción que se puxo en marcha en 2009. Entre outros fitos, destacou o incremento da capacidade de almacenamento dos lixiviados, coa posta en marcha de dúas balsas de 4.000 metros cúbicos cada unha; o aumento do número de depuradoras, que pasaron de dúas a catro; o mellor aproveitamento da enerxía que producen estes residuos a través da Planta de Biogás; ou a ampliación da parte sur do vertedoiro, que se acometeu en 2012

grazas a un investimento de 1,6 millóns de euros. De feito, esta parte sur é a única en explotación actualmente, e ten unha capacidade de almacenamento para 3,2 millóns de toneladas. Se se toma como referencia o nivel de entrada de residuos actuais, "isto daríalle unha capacidade para 15 anos máis", adiantou Mato.

Novas instalacións

A conselleira explicou que, aínda que Areosa xa conta cunhas "instalacións óptimas e de máxima seguridade", o obxectivo é melloralas aínda máis coa construción dunha nova planta de compostaxe, que terá unha capacidade de 15.000 toneladas e un orzamento de preto de 4 millóns de euros.

Ademais, xa no que se refire ao complexo medioambiental de Cerceda, construírse unha nova planta para a recuperación dos envases contidos no lixo en masa, e remodelarse a actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



[Consulta a nota de prensa remitida aos medios pola Xunta de Galicia](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

O presidente de Sogama presenta os bos resultados de 2015 no Club Financeiro de Vigo

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, participou nun xantar-coloquio cunha vintena de empresarios no Club Financeiro de Vigo, onde deu a coñecer a evolución da compañía pública durante os últimos meses, así como os magníficos resultados acadados en 2015, período no que bateu récords de produción ao alcanzar máximos históricos de eficiencia industrial.

Tal e como explicou, isto foi posible grazas a unha boa xestión, que contemplou a posta en marcha dun ambicioso plan de acción a través do cal se reduciron as paradas técnicas e se implantaron medidas preventivas para minimizar posibles incidencias que puidesen afectar ao normal funcionamento das instalacións. Así mesmo, enzalzou o traballo, intenso e de calidade, desenvolvido polos operarios e que constituíu unha peza fundamental na mellora do funcionamento e rendemento do complexo medioambiental de Cerceda.

A intervención de Domínguez tivo lugar no marco do recentemente constituído Foro de Enerxía e Medio Ambiente. Concretou que, en 2015, ademais de procesar maior cantidade de refugallo no complexo industrial, reduciuse nun 55% o depósito de lixo no vertedoiro de Areosa e incrementouse, nun 29,12%, a pro-

ducción total de enerxía nas plantas termoeléctrica, coxeneración e biogás.

O futuro

Javier Domínguez falou tamén de futuro, explicando o proceso de ampliación industrial ao que se someterá a empresa para tratar en condicións óptimas todos os residuos urbanos que chegan ás súas instalacións. Con tal fin, porá en marcha, cun investimento aproximado de 35 millóns de euros, unha planta específica para a recuperación dos envases contidos no lixo en masa, o que lle permitirá incrementar a capacidade do complexo nun mínimo do 36%, pasando das 550.000 toneladas anuais ás 750.000.

Así mesmo, levantará no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa unha planta de compostaxe na que procesará a materia orgánica procedente de grandes produtores, que converterá en compost.



Foto de familia no Club Financeiro de Vigo



Coñece o detalle dos resultados de 2015 aquí

SUBIR

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO2 ao medio ambiente en Galicia co maior transporte de lixo por tren

Renfe, xunto a Copasa e LogiRail, foi a adxudicataria da licitación pública do servizo de xestión, recollida e transporte dos residuos urbanos xerados polos concellos da comunidade autónoma adheridos a Sogama, e que veñen representar o 94% do total.

Con este transporte, Renfe aforrará a emisión de 2.230 toneladas de CO2 e preto de 800.000 litros de gasoil cada ano ao medio ambiente en Galicia durante un decenio, segundo os datos obtidos pola ferramenta "Ecotransit World".



Momento de descarga

O proxecto gañado pola UTE formada por Renfe, Copasa e LogiRAIL, alíñase cos obxectivos definidos nos plans de goberno e na súa política de transporte, tendo en conta tres dos seus eixos principais: unha maior colaboración na participación público-privada, unha maior integración do ferrocarril á loxística integral e un incremento real da cota do transporte para o modo ferroviario.

Maior cota de transporte por ferrocarril e investimentos

O novo contrato dobrará a cota de transporte por ferrocarril, pasando do 25% inicial ao 55%, e seguirá combinando a intermodalidade. De feito, a día de hoxe xa acadou preto do 45%.

Estímase un volume de transporte total nos dez anos de contrato de 3.750.000 toneladas, aumentando o movemento por ferrocarril e incorporando novos puntos con respecto a anos anteriores. O transporte ferroviario realizarase entre as localidades de Vigo (Pontevedra) e Taboada (Ourense) ata o complexo medioambiental de Cerceda, coa novidade da orixe na terminal de mercancías de Lugo como novo centro de transferencia modal a tren dos residuos xerados no seu ámbito de influencia.

Aforro de emisións por traxecto:

Vigo- A Coruña: 1.215 toneladas/ano
Taboada-A Coruña: 672 toneladas/ano



Chegada dun convoi ferroviario á central de Sogama



Coñece como funciona o complexo de Sogama

SUBIR

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de residuos no sistema Sogama

O Goberno Vasco mostrou interese por coñecer de preto o transporte intermodal de residuos urbanos desde as 37 plantas de transferencia ubicadas en distintos puntos da xeografía galega ata a infraestrutura central de Sogama en Cerceda (A Coruña), onde estes reciben tratamento.

A conselleira delegada de Medio Ambiente e Política Territorial da comunidade autónoma vasca, Ana Isabel Oregi Bastarrika, acompañada dos directores xerais de ETS (Eusko Trenbide Sarea, entidade encargada da xestión das infraestruturas ferroviarias no País Vasco) e Euskotren (operador líder de transportes en Euskadi), José Luís Sabas Olabarria e Imanol Leza Olaizola, respectivamente, reuniuse na sede de Sogama co seu presidente, Javier Domínguez Lino, e o director xeral, Isidro García Téllez, para coñecer os pormenores do servizo.

Á cita acudiron igualmente representantes de Renfe Mercancías (a xerente da Área de Coordinación Comercial, Susana Lozano, e o xerente de Mercado Intermodal, Julián Mata), así como o director xeral de Logirail, Juan Fernández, o xerente de Geseco, Antonio Álvarez, e o director financeiro de Copasa, Alfredo Blanco.

Firme aposta pola sostibilidade

No transcurso da reunión, a portavoz do Goberno Vasco recibiu explicacións detalladas sobre a firme aposta de Sogama polo transporte ferroviario, que se impulsou en gran medida co novo contrato adjudicado á UTE Renfe-Logirail-Copasa, e que entrou en vigor o pasado 1 de marzo, rexendo para un período de 10 anos.

A actuación enmárcase no Plan Galego de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, que inclúe a necesidade de levar a cabo unha xestión máis eficiente dos refugallos, incluíndo a optimización do transporte. De aí que a UTE concesionaria deba duplicar o uso do tren para o traslado de residuos ata o complexo cercedense, pasando do 25% inicial ao 55%.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo



Asistentes á reunión

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Sogama propiciou a reciclaxe de preto de 85.000 toneladas de envases metálicos

Desde o ano 2009, a Sociedade Galega do Medio Ambiente propiciou a reciclaxe dun total de 84.676 toneladas de envases metálicos: 82.010 toneladas de aceiro e 2.666 de aluminio.

Se ben os envases de aceiro e aluminio deben ser depositados pola poboación no contedor amarelo, o certo é que aínda seguen chegando ás instalacións de Sogama mesturados co lixo xenérico, procedendo a empresa pública á súa selección automática a través de mecanismos tales como electroimáns (aceiro) e correntes de Foucault (aluminio).

Unha vez segregados, estes materiais son enviados aos centros de reciclado, onde se convierten en novos produtos para ser reincorporados ao circuíto comercial cunha nova vida, garantindo con isto o aforro de enerxía e materias primas.

No caso do aceiro, 68.092 toneladas foron seleccionadas de entre o lixo en masa (bolsa negra) depositado polos cidadáns nos contedores verdes convencionais, e 13.917 toneladas procedían dos amarelos (bolsa amarela), que deben acoller os envases de plástico, as latas e os briks. En canto ao aluminio, 1.953 toneladas foron extraídas do



Sogama selecciona o aceiro e aluminio mesturados co lixo xenérico

residuo convencional e 713 do recipiente amarelo.

Segundo informou Metal Packaging Europe, organización que representa aos produtores e provedores de envases de metal ríxido en toda Europa, en 2013 recicláronse máis de 3 millóns de toneladas de envases de aceiro e aluminio, acadando unha taxa de reciclado do 74,7%, a máis alta conseguida ata o de agora. O obxectivo do sector é chegar ao 80% en 2020.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



As illas de reciclaxe cedidas aos colexios dan conta do bo traballo realizado

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios integrados en "Recíclate con Sogama"

Os técnicos ao servizo da entidade pública emitiron un informe favorable sobre o traballo realizado nos 14 centros educativos participantes no programa do curso 2015-2016.

O segundo informe de seguimento elaborado por unha entidade externa confirma o bo traballo que se está a facer nos centros participantes. Os técnicos visitaron cada colexio de forma individual para recabar todos os datos relativos ao desenvolvemento dos seus proxectos: desde a correcta localización das illas de reciclaxe e a súa dinámica de funcionamento, ata a evacuación dos residuos, organización de actividades e impacto destas sobre a formación e concienciación dos alumnos e familias.

A visita dos técnicos tamén tiña por obxecto coñecer as posibles dificultades atopadas polos centros para levar a cabo o seu labor no ámbito da xestión sostible dos residuos, resolver as dúbidas que puideran xurdir e corrixir os erros detectados.

Medios materiais e divulgativos

En todos os casos, as illas de reciclaxe cedidas por Sogama, conformadas por tres contedores (amarelo, azul e verde), están a funcionar axeitadamente e prestando o servizo requirido.

A evacuación dos refugallos recollidos nas mesmas organizase por cada centro en función da súa estrutura, posibilidades e preferencias. Os colexios que dispoñen de servizo de comedor reciben no seu momento, da man de Sogama, un composteiro no que depositan os restos orgánicos, a partir dos cales elaboran compost. Ademais, a entidade tamén proporcionou aos centros material didáctico e recursos de apoio para garantir a correcta transmisión de coñecementos.



Descubre o programa "Recíclate con Sogama"

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interérase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións de Sogama no mes de marzo

A meirande parte dos grupos estaban conformados por escolares, tanto de primaria como de secundaria.

O programa de visitas ao complexo industrial de Sogama segue a engrosar as súas cifras, sendo outro medio milleiro as persoas que pasaron polas súas instalacións o pasado mes de marzo co obxectivo de observarlas, analízalas e avalialas, tomando boa nota dos procesos industriais e de xestión desenvolvidos nas mesmas.

A maior parte dos grupos visitantes estaban conformados por escolares, tanto de primaria como de secundaria, procedentes de distintos puntos de Galicia. Non obstante, tamén se desprazaron ata as instalacións de Cerceda ao longo do mes de marzo os veciños do concello lucense de Riotorto, alumnos da Facultade de Enxeñaría Forestal de Vigo e os

integrantes do obradoiro "Mos coa Mocidade", pertencentes á localidade de Mos (Pontevedra).

Concluída a visita, os membros dos distintos colectivos tiveron a oportunidade de cumprimentar unha enquisa de satisfacción sobre a organización e alcance da visita. A día de hoxe, máis do 90% das persoas que pasaron polas instalacións aseguran que a compañía pública leva a cabo un importante labor na protección do medio ambiente galego.

A día de hoxe, máis do 90% asegura que esta compañía leva a cabo unha importante tarefa na protección do medio ambiente.



A meirande parte das visitas foron centros educativos de Galicia



Queres visitar as instalacións de Sogama? Contacta connosco

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interérase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

Planeta Verde: Anselmo presenta a súa máquina "comelixo"



Anselmo leva días metido no garaxe porque está a traballar nun invento que vai marcar un antes e un despois no planeta verde: a máquina "comelixo". En que consiste? pregunta o profesor Uxío. Anselmo asegura que chegou a este invento tras ler moitos libros e seguir os consellos do profesor. Para demostrar a súa eficacia, decide meter nesta máquina todos os refugallos do contedor verde para facelos desaparecer. Pero o seu aparello fracasa tras unha forte explosión debido a que, no proceso de reciclaxe, non existen solucións máxicas, senón que é un traballo diario aplicando o principio de "Reducir, Reutilizar e Reciclar".

[Ver vídeo...](#)

Os teus refugallos son arte! Participa no concurso de Sogama para o Día da Reciclaxe

Para apoiar a conmemoración do Día Mundial da Reciclaxe, a celebrar o 17 de maio, Sogama e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio promoven conxuntamente a iniciativa "Recicla as túas ideas e convérteas en arte", dirixida aos maiores de 18 anos e que propón elaborar obras de arte con materiais de refugallo.

Os interesados deben remitir unha foto da súa obra ás redes sociais de Sogama en Facebook e Twitter ("Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama"), especificando o título da mesma, características, mensaxe a transmitir e tipo de refugallos empregados na súa elaboración.

O prazo de participación deu comezo o 15 de abril e conclúe o propio 17 de maio

de 2016, encontrándose as bases a disposición dos interesados na páxina web de Sogama. Establécense tres premios que consistirán en lotes de produtos e/ou prestación de servizos acreditados coa marca "Galicia Calidade" e valorados en 240, 180 e 120 euros.



[Máis información sobre o concurso](#)

SUBIR

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia



Descubre a nova web da compostaxe doméstica

A compostaxe doméstica ten grandes vantaxes sobre o medio ambiente, a economía e a sociedade, xa que a materia orgánica representa en torno ao 40 por cento da composición media da nosa bolsa de lixo.

Por este motivo, a Sociedade Galega do Medio Ambiente e a Xunta de Galicia poñen a disposición de todos os usuarios a nova web sobre a compostaxe domés-

tica www.compostaconsogama.gal, que é moito máis visual, intuitiva, accesible e adaptada para dispositivos móbiles.

No sitio web hai información moi completa sobre en que consiste esta iniciativa, cales son os factores que inflúen na elaboración de compost e as fases do proceso. Tamén hai dispoñible material multimedia e audiovisual para explicar mellor as súas características e vantaxes.



Visita a web de compostaxe doméstica aquí

Remata o curso de formación en liña de Sogama dirixido ao profesorado de Secundaria

Baixo o título "A xestión dos residuos urbanos no modelo de Sogama", o curso contou con 30 horas lectivas e a participación de medio cento de persoas, téndose materializado a través da aula virtual do CAFI, dependente á súa vez da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O curso abordou, entre outras, distintas temáticas vinculadas á problemática que nas sociedades modernas representa a inxente produción de lixo, como levar á práctica a estratexia dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), cales son as vantaxes da recuperación enerxética da parte non reciclable e que instrumentos didácticos e divulgativos poden servir de apoio á educación ambiental.

A empresa xa se atopa traballando na configuración das actividades formati-

vas que ofrecerá ao profesorado durante o próximo curso académico 2016-2017, podendo destacar o curso en liña "A xestión dos residuos urbanos na economía circular", con 50 horas lectivas.



SUBIR

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interérase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Reciclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

O MAGRAMA aposta por avanzar na economía circular co apoio do ecodeseño de produtos



Sede do MAGRAMA

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) aposta por avanzar en ecodeseño no marco do Plan de Acción da Unión Europea cara unha economía circular. O Consello de Ministros de Medio Ambiente, nunha reunión celebrada en marzo, abordou, entre

outros asuntos, o devandito plan, cuxo obxectivo é identificar as distintas medidas sobre as que a Comisión Europea considera necesario actuar, tomando como referencia a economía circular.

Estas medidas afectan, entre outras cuestións, ás diferentes etapas do ciclo de vida dos produtos. O Ministerio propuxo avanzar en materia de ecodeseño, así como no desenvolvemento de indicadores homoxéneos que permitan avaliar os logros, no ámbito da economía circular, de cada Estado membro e da Unión Europea no seu conxunto.

A reciclaxe de vidro medra ao maior ritmo dos últimos 7 anos

En 2015, os españois contribuíron ao reciclado de máis de 700.000 toneladas de envases de vidro, o que supón unha media de 15,5 quilos por habitante e 59 envases por persoa. Estímase así unha taxa de recuperación deste material do 70%, situándose por riba das esixencias do 60% marcadas pola UE.

O reciclado de vidro durante o pasado ano propiciou importantes beneficios ambientais ao evitar a emisión de 485.000 toneladas de CO₂ á atmosfera e a extracción de 870.000 toneladas de materias primas, á vez que supuxo un aforro de enerxía cifrado en 1.956.000 MWh.

Co fin de facilitar o labor de reciclaxe, o SIG instalou o pasado ano 7.700 novos contedores a pé de rúa, dotando ao sector da hostalaría (20% do total) de 42.000 cubos especiais e 3.000 novos contedores con sistema automático de volcado na rúa. A aplicación de medidas no ámbito do ecodeseño diminuíu o impacto ambiental dos envases de vidro, permitindo que estes reduzan o seu peso nun 12%.

No ámbito da concienciación, Ecovidrio investiu 8,6 millóns de euros en 350 campañas orientadas a nenos, mozos, responsables das tarefas do fogar e sociedade en xeral.



Presentación do [conto infantil de Ecovidrio "Mr Iglú fai amigos"](#)

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conseleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interérase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Novo manual para mellorar a transparencia na información municipal sobre reciclaxe

No mes de abril, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e Ecoembes presentaron o "Manual técnico de comunicación efectiva sobre residuos para entidades locais", pretendendo ser un referente no eido da información dixital dirixida aos técnicos municipais de residuos.

O documento recolle recomendacións básicas sobre os contidos a transmitir nas webs locais, apostando por un formato sinxelo e asequible, a través do cal se pro-

picie igualmente a adopción de condutas responsables por parte da poboación.

O Secretario Xeral da FEMP e o Conselleiro Delegado de Ecoembes tamén formalizaron un acordo co que ambas organizacións estreitarán a colaboración na formación de responsables municipais, utilizando, entre outros recursos, cursos en liña que serán impartidos pola Universidade Politécnica de Madrid, dentro da Cátedra Ecoembes de Medio Ambiente.



175 países asinan o acordo de París na conmemoración do Día da Terra



O pasado venres, 22 de abril, coincidindo coa conmemoración do Día da Terra, 175 países, entre os que se atopa España, subscribiron o Acordo de París sobre Cambio Climático, pechado en decembro de 2015 co consenso de 195 Estados.

O compromiso de España, un dos países firmantes, é reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 40% para o ano 2030 respecto dos niveis de 1990. O Secretario Xeral da ONU, Ban Ki-moon, considera que o Acordo de París debe ser o punto de partida para os países na súa loita

contra o cambio climático, non a meta.

O documento entrará en vigor cando 55 países que representen alomenos o 55% das emisións mundiais depositen os seus instrumentos de ratificación.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interese polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos



Efemérides medioambientais

O 5 de marzo celebrouse o Día Mundial da Eficiencia Enerxética, unha data moi marcada no calendario de Sogama ao manter un firme compromiso coa sosti- bilidade. Dous días despois, o 7 de marzo, festexamos o Día do Campo, unha efeméride surxida en Arxentina para homenaxear o medio rural, que non só nos aporta alimentos, senón tamén equilibrio e calidade de vida.

O 15 de marzo foi o Día Mundial do Con- sumidor, no que dende Sogama reflexio- namos sobre a necesidade dun consumo máis responsable e respectuoso coa con- torna. Galicia é sinónimo de bosque, de árbores singulares e de ecosistemas de extraordinaria riqueza, polo que o 21 de marzo, o Día Internacional dos Bosques, foi outra data sinalada.

A maior parte da Terra está cuberta por auga, un recurso imprescindible para a vida e que da emprego directo e indirecto a 1.500 millóns de persoas, a mesma cifra de habitantes que teñen difícil acceso a este recurso. Por iso o 22 de marzo cele- bramos o Día Mundial da Auga.

Baixo o lema "Máis cálido, máis seco, máis húmido. Afrontemos o futuro" con- memoramos o 23 de marzo o Día Mete- orolóxico Mundial. No mes de abril, con- cretamente o día 7, lembramos o Día Mundial da Saúde co obxectivo de pre- servar a saúde ambiental, que é o prin- cipal cometido de Sogama. Pola súa banda, o 22 de abril celebrouse o Día da Terra co lema "Árbores para a Terra" para denunciar a paulatina deforestación dos recursos forestais en todo o planeta.

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

[SUBIR](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario



Un prato para aproveitar produtos da neveira

Esta receita é moi versátil, pois podes usar case calquera verdura ou hortaliza. Ás veces quedáanos na neveira un cacho de cabaciña, outro de pemento, espina-cas, brócoli, queixo... Antes de que se perdan, proba a facer un quiche.

Se te animas a preparar a receita, cóntalo no noso [Facebook](#) ou [Twitter!](#)

Quiche con restos de verduras

Nivel de
dificultade: 1 2 3

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- Masa follada
- Ceboliño
- 1 allo
- Sementes de cabaza e sésamo
- 250 gramos de espina-cas
- 1 cabaciña
- 4 ovos
- Sal
- Pementa negra
- Aneto fresco
- Queixo de cabra
- Tomate natural
- Noces

ELABORACIÓN

- Prequentamos o forno.
- Fritimos a ceboliña picada e o allo esmagado nun wok, a lume baixo e tapado (deixando escalfar). Salpementamos e engadimos o aneto picado xunto coas sementes.
- Destapamos para que se evapore a auga. Cando estea medio cociñado, engadimos a cabaciña en dados e logo as espina-cas. Remexemos todo ata que se cociñe.
- Batemos os ovos (podemos engadir un pouco de leite) e vertemos no wok xunto cun pouco de queixo en dados.
- Cubrimos un molde redondo e desmontable coa masa follada e vertemos a mestura do wok. Por riba podemos engadir queixo, láminas de tomate natural e noces.
- Metemos ao forno durante 20-25 minutos. Os últimos 5 minutos gratinámolo.

PRESENTACIÓN

- Ao sacar do forno deixamos reposar o quiche uns 5 ou 10 minutos antes de desmontarlo.
- Podemos servilo acompañado dunha ensalada de leitu-ga, aguacate, millo e tomate.

SUBIR

Entrevistamos a...

Beatriz Mato
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Serxio Rosales
Mestre de Educación Primaria no CEIP Viñagrande-Deiro

Mundo Sogama

Sogama reduce en preto de 230.000 toneladas os residuos que verte en Areosa

Actualidade

Domínguez Lino presenta o balance de 2015 no Club Financeiro de Vigo

Renfe aforrará a emisión de 22.300 toneladas de CO₂ en Galicia co maior transporte de lixo por tren

O Goberno vasco interésase polo transporte intermodal de Sogama

Sogama propiciou a reciclaxe de 85.000 toneladas de envases metálicos

A segunda visita de seguimento aproba aos colexios de 'Recíclate con Sogama'

Medio milleiro de persoas visitaron as instalacións da compañía en marzo

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es

